



CONCELLO DE REDONDELA

ANUNCIO NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS E NA PÁXINA WEB DO CONCELLO

A alcaldesa ditou a Resolución núm.; 2024-1507 con data de 22/05/2024 pola que aproba a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo que se convocou para a constitución dunha bolsa de traballo temporal para os postos de interventor/a ou tesoureiro/a do Concello de Redondela, na cal se establece o seguinte:

“RESOLUCIÓN

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2023-0289, con data de 02/02/2023 pola que aprobou as bases reguladoras que rexen a provisión, con carácter interino, do posto de interventor/a vacante e a constitución dunha bolsa de traballo temporal para os postos de interventor/a ou tesoureiro/a (Persoal Funcionario, Grupo A, subgrupo A1 e con nivel de destino 30), mediante o sistema de concurso.

Estas bases publicáronse integramente na sede electrónica, na páxina web ([www.redondela.gal-apartado de emprego público, persoal laboral temporal](http://www.redondela.gal-apartado-de-emplego-publico-personal-laboral-temporal)) e no taboleiro de anuncios do concello.

O extracto da convocatoria publicouse no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) núm.: 28, do 09/02/2023.

O prazo de presentación de instancias de 10 días hábiles iniciouse o día 10/02/2023 e rematou o día 23/02/2023.

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2023-0610, con data de 07/03/2023, pola que aprobou a lista provisional de persoas admitidas e excluídas neste proceso selectivo.

O prazo de alegacións e de subsanación de instancias de tres días hábiles iniciouse o día 08/03/2023 e rematou o día 10/03/2023.

Tras presentarse alegacións durante este prazo e unha vez resoltas estas de conformidade co disposto nas bases de selección que se aprobaron na Resolución núm.: 2023-0289, é polo que, en virtude das competencias que me asigna a lexislación local vixente,

RESOLVO,

PRIMEIRO: Admitir, **con carácter definitivo**, no proceso selectivo que se convocou para a provisión, con carácter interino, do posto de interventor/a vacante e para a constitución dunha bolsa de traballo dos postos de interventor/a ou tesoureiro/a, ás seguintes persoas aspirantes:

N.º	APELIDOS E NOME	DNI
-----	-----------------	-----

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C





1	ALVARELLOS LEIS, PATRICIA	** *** 084-W
2	CERVIÑO DOBARRO, MANUEL ARTURO	** *** 245-J
3	ESCOBERO CELA, PABLO	** *** 126-E
4	GONZÁLEZ VECÍN, BEATRIZ	** *** 454-A
5	IGLESIAS BLAS, RAQUEL	** *** 642-B
6	LOUREIRO VIÑAS, VALERIA	** *** 364-A
7	MADRAZO JUSTO, JORGE	** *** 138-L
8	MATO LODEIRO, XOSÉ RAMÓN	** *** 747-L
9	MORILLO RODRÍGUEZ, M. ^a CARMEN	** *** 271-A
10	NEIRA CORTIZAS, CARLOS	** *** 917-Y
11	RELLO LÓPEZ, ÓSCAR	** *** 330-B
12	RODRÍGUEZ PRADO, LUIS	** *** 763-C
13	SANUY GARABATOS, ELENA	** *** 888-G
14	SEIJAS TUÑAS, ROSALÍA	** *** 745-X
15	SUÁREZ PERTIERRA, ISIDRO	** *** 838-B
16	SUÁREZ RON, M. ^a DEL PILAR	** *** 148-Z
17	VÁZQUEZ MOSQUERA, M. ^a JOSÉ	** *** 989-R
18	VILA RODRÍGUEZ, RAÛL	** *** 361-R

* Segundo o previsto nestas bases e no disposto no apartado 7.3 das bases xerais de convocatorias de procesos de selección de persoal do Concello de Redondela que se publicaron no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO), núm.: 50, do 13/03/2015, o feito de figurar incluído/a na relación de persoas admitidas non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas posuír os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificadas documentalmente no suposto de que as persoas aspirantes admitidas superen as probas selectivas.

SEGUNDO: Excluír, **con carácter definitivo**, do proceso selectivo que se convocou para a provisión, con carácter interino, do posto de interventor/a vacante e para a constitución dunha bolsa de traballo dos postos de interventor/a ou tesoureiro/a, á seguinte persoa aspirante:

N.º	APELIDOS E NOME	DNI	MOTIVO DE EXCLUSIÓN
-----	-----------------	-----	---------------------





CONCELLO DE REDONDELA

1	BASTOS ALONSO, M. ^a JOSÉ	** *** 389-R	NON CUMPRE CO REQUISITO DA TITULACIÓN REQUIRIDA
---	--	--------------	--

Contra a resolución da Alcaldía, aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta resolución (artigo 124, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) ou ben recurso contencioso -administrativo perante o Xulgado do Contencioso- Administrativo, segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso -administrativa.

TERCEIRO: Designar o órgano de selección do proceso selectivo que se convocou para a provisión, con carácter interino, do posto de interventor/a vacante e para a constitución dunha bolsa de traballo dos postos de interventor/a ou tesoureiro/a, que estará integrado polos seguintes membros:

PRESIDENTA:

Titular: M^a Teresa Escudero Barral, Asistencia de Secretaría e Intervención da Deputación de Pontevedra.

Suplente: Gabriel Rodríguez Alonso, xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación de Pontevedra.

SECRETARIA:

Titular: M.^a Cruz Castro Quinteiro, tesoureira do Concello de Redondela.

Suplente: Sonia Dapena Lois, interventora do Concello de Redondela.

VOGAIS:

Titular: Cristina Tapias Bouso, enxeñeira industrial do Concello de Vigo.

Suplente: José Romero-Amich Nieto, arquitecto do Concello de Redondela.

Titular: María Gómez Janeiro, técnica de Actividades Sociais do Concello de Vigo.

Suplente: Paloma Meno Rodríguez, técnica superior do Concello de Redondela.

Titular: Miguel Ángel Santirso Fernández, tesoureiro da Deputación de Pontevedra.

Suplente: Martín Iglesias Ferreirós, xefe do Servizo de Coordinación do Oral.





CONCELLO DE REDONDELA

CUARTO: A constitución do órgano de selección como a fase concurso do proceso de selección terá lugar o:

DÍA: 04/06/2024

HORA: 09:00 horas.

LUGAR: Casa do concello.

QUINTO: Publicar a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, o órgano de selección e a data de realización da fase de concurso deste proceso selectivo na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios deste concello.”

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Cod. Validación: 7GKHDGHANXEXQ599J7WLNIXZC
Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tif. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C

